

Fronda


Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

n.º 71

ano 12

xullo-agosto 2017

60 anos da construción do ferrocarril Zamora-Ourense



O día 1 de xullo de 2017 cumpriáanse 60 anos da inauguración do desexado tramo ferroviario Zamora-Ourense, pertencente ao proxecto Puebla de Sanabria-Ourense, e que se convertera na liña de máis **lenta construción** de toda a historia ferroviaria española. A complexidade orográfica e as dificultades económicas e políticas -con dúas ditaduras, unha república e unha guerra civil por medio- fixo que este proxecto se abandonase e retomase varias veces durante a segunda metade do século XIX e a primeira metade do XX. O gran **descontento** da sociedade ourensana e zamorana, que durante anos loitou porque este tramo ferroviario se finalizase deu lugar á progresiva organización de comités interprovinciais en defensa da definitiva conclusión desta obra, como o **Comité Pro-Ferrocarril Ourense-Zamora**.

Neste marco socioeconómico e político toma sentido o documento que representamos. Trátase dunha carta dirixida polo Presidente da Cámara de Comercio de Ourense **José Zarauza** ao deputado en Cortes **Carlos Taboada Tundidor**, informándoo dunha reunión levada a cabo o 25 de marzo de 1934 coas forzas vivas

da cidade, para tratar as crises que atravesaba a provincia e pedirlle que, xunto cos demais **deputados** a Cortes de Ourense, instase o goberno de España para que se involucrase dunha forma clara e decidida por dar solución urxente a estes problemas.

Na devandita reunión tratouse das **obras** que podían promoverse e da continuación das xa comezadas, resaltando unha vez máis a paralización das obras do ferrocarril. Un dos acordos máis importantes foi a decisión de que o **Comité Pro-Ferrocarril** se convertese en **Comité Pro-Iniciativas** co fin de influír para que se axilizasen non só as obras do ferrocarril senón todas as demais que estaban pendentes de conclusión en toda a provincia.

1934, marzo, . Ourense

Carta de José Zarauza a Carlos Taboada Tundidor comunicándolle os acordos adoptados na reunión á que asistiron representantes de distintos sectores económicos e políticos da capital co fin de paliar a profunda crise económica que vive a provincia

Orixinal autógrafo; papel; castelán; 16,4x22,9 cm.
AHPOu, Taboada Tundidor, C. 24112/06 (32)

O Comité Pro-Ferrocarril Ourense-Zamora

O **Comité Pro-Ferrocarril Ourense-Zamora** nacera en 1924 baixo os auspicios das deputacións das dúas provincias. Respondía a unha demanda social xeneralizada que pretendía contestar o desinterese do goberno na liña Ourense-Zamora á que non se daba prioridade nos plans de construción ferroviaria a nivel estatal. O Comité intentaría facer presión para a conclusión desta liña tan ansiada pola poboación.

Antes da formación deste comité xurdiran outras iniciativas. En 1917 xa se reunira en Medina del Campo unha **Asamblea Pro-Ferrocarril Ourense-Zamora** á que asistiu unha nutrida comisión ourensá composta por delegados da Deputación Provincial, dos concellos de Ourense e Canedo, do Cabido Catedralicio, da Caixa de Aforros, da prensa local e de distintas entidades da sociedade civil: Colexio de Avogados, Liceo Recreo Orensano, Club Liga de Amigos, Sociedad Artística e Centro Obrero.

A sociedade ourensá era pois plenamente consciente da importancia que o ferrocarril tiña para o **desenvolvemento económico** da provincia como se evidenciou na manifestación organizada o 6 de xuño de 1930 para reivindicar a conclusión da liña Ourense-Zamora. Ese día, ante as 12000 persoas que abarrotaban as rúas da cidade, José Zarauza afirmaba que este era un "**asunto de vida o morte**" para Galicia. Este acto marcou un punto de inflexión nas aspiracións ourensás; e así no ano 1932, nunha das múltiples reunións convocadas para tratar este tema na Deputación de Ourense, se acorda baixo a presidencia de **Luis Fábrega** que no **Comité Pro-Ferrocarril Ourense-Zamora** se integren tamén representantes doutras localidades, como Vigo, Santiago e Puebla de Sanabria, pasando a denominarse **Comité Interregional Zamora-Coruña**.

O interese porque esta obra non se abandoase en beneficio doutras liñas ferroviarias de máis doada construción, levou a que nese mesmo ano Luis Fábrega xunto con outros parlamentarios, abrisen unha oficina permanente en Madrid con persoal dedicado exclusivamente a realizar o traballo necesario para que esta obra fose incluída entre as que o Estado debía finalizar.

O papel da sociedade ourensá

Para Galicia e os galegos a implantación deste ferrocarril fora dende sempre unha obsesión, xa que a mellora das **comunicacións** era de vital importancia para unha poboación diseminada e pesimamente comunicada. Na década dos anos 20 e 30, a reclamación da continuidade e terminación das obras orixinou unha gran contestación social, con mobilizacións cidadás, folgas estudantís e obreiras e a organización de todos os estamentos sociais que se involucraron activamente para conseguir que se rematase o proxecto dun ferrocarril que unise Galicia coa Meseta.

Entre estas iniciativas sociais destacan as da burgue-

sía comercial ourensá representada pola **Cámara de Comercio**, que evidentemente concedería ao ferrocarril unha importancia extrema como panca do desenvolvemento económico e superación da **crise** que vivía a provincia. A Cámara de Comercio canalizaría ao longo de tres décadas as ansias da cidadanía ourensá e das forzas políticas, sociais, sindicais, culturais e relixiosas de toda a provincia.

Tamén xogaríase un importante papel a prensa, representada sobre todo polo xornal agrarista **La Zarpa**, dirixido polo sacerdote **Basilio Álvarez**. Dende as súas páxinas informaba profusamente e case a diario das negociacións e avances da obra, e invitaba os cidadáns galegos a tomar un papel activo e decidido na defensa deste proxecto, ata o punto que nalgúns momentos chegou a ser censurado nos seus comentarios sobre o estado do problema.



Exemplar do diario *La Zarpa* de 7 de xuño de 1930 no que se informa que foron censurados algúns textos relativos ás obras da liña ferroviaria Zamora-A Coruña. AHPOu, Colección de prensa.

Pódese afirmar pois que o remate deste tramo ferroviario o 1 de xullo de 1957 foi o resultado da unión e o traballo da sociedade galega e zamorana que se involucraron activamente dende todos os ámbitos para a culminación dun proxecto que parecía inalcanzable.

Fondos sobre ferrocarril no Arquivo Histórico Provincial de Ourense

A documentación custodiada neste Arquivo sobre materia ferroviaria é moi escasa. Relativo á liña Zamora-Ourense, ademais da correspondencia do **fondo Carlos Taboada Tundidor**, de onde procede a carta que protagoniza este número de *Fronde*, consérvanse **expedientes de responsabilidades políticas** de traballadores do ferrocarril nos que se fai referencia a folgas de ferroviarios. Ademais contamos tamén con correspondencia no fondo **Banca Pereiro Rey** sobre as compañías dos ferrocarrís de Medina do Campo a Zamora, de Ourense a Vigo e *Ferrocarril Compostelano*. Completan estes fondos as coleccións de publicacións periódicas, en particular a de prensa.



ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es



Texto: Manuel Ángel García Yanes. D.L. OU 67/2006; ISSN-2659-3491